


A Carta Europea de Turismo Sustentable en Espazos Naturais Protexidos (CETS) é unha iniciativa da Federación EUROPARC que ten como obxectivo global promover o desenvolvemento do turismo en clave de sustentabilidade nos espazos naturais protexidos de Europa.



PARQUE NACIONAL MARÍTIMO TERRESTRE
DAS ILLAS ATLÁNTICAS
DE GALICIA



CARTA EUROPEA DE TURISMO SUSTENTABLE EN ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS



BENEFICIOS PARA OS TERRITORIOS



- A CETS diferencia o destino turístico doutros con características similares. Ao traballar de forma participada, entre as diferentes administracións do territorio, consegue xestionar mellor os recursos dispoñibles e ser máis efectivos á hora de desenvolver accións nun destino.
- A CETS é capaz de canalizar diversas fontes de financiamento dispoñibles, que antes eran impensables nun territorio. Non só beneficia ao sector turístico, senón que crea oportunidades de negocio en zonas rurais que tenden ao despoboamento.
- A CETS crea vínculos no territorio e fai o máis forte fronte ás adversidades. Neste sentido, promove actitudes sostibles e medidas de adaptación e mitigación fronte ao cambio climático.
- A CETS consolida un elemento cruce para calquera espazo natural protexido, a protección e conservación dos seus valores naturais e culturais a través dos axentes públicos e privados implicados.
- A CETS mellora a oferta turística integrada do espazo protexido e enriquece o diálogo entre os axentes implicados.
- A CETS achega unha experiencia única, xenuína e singular ao visitante, cun alto nivel de calidade dos servizos ofrecidos.
- O traballo colaborativo entre os distintos espazos CETS favorece compartir as boas prácticas que poden axudar ao destino turístico, ademais de establecer estratexias de promoción conxuntas.



A CETS é un método e un compromiso voluntario para aplicar os principios de turismo sostible, orientando aos xestores dos espazos naturais protexidos e ás empresas para que definan as súas estratexias de forma participada. Ademais de ser unha ferramenta de traballo, de planificación, de participación e de gobernanza.

O proceso contemplado na Carta consta de tres fases que permiten ás empresas, os servizos e as axencias de viaxes compartir obxectivos comúns para o seu espazo protexido.

BENEFICIOS PARA AS EMPRESAS E AXENCIAS DE VIAXES ADHERIDAS



- A CETS, a través dos foros de participación, cohesiona os territorios e permite ás empresas adheridas influír directamente na planificación, elaboración e desenvolvemento de calquera iniciativa turística.
- A CETS é unha vía para impulsar o asociacionismo das empresas turísticas e constituírse en axentes con maior presenza no territorio e con acceso a un maior número de oportunidades, posibilitando a inter-relación e coñecemento entre diferentes empresas que apostan polo mesmo modelo de turismo (ecoturismo), e promover iniciativas conxuntamente.
- A CETS reforza o vínculo entre as empresas e as institucións que xestionan o turismo e a conservación no territorio.
- A CETS xera unha maior visibilidade das empresas e produtos dun destino turístico.
- A CETS reduce conflitos entre as empresas e a poboación local onde se realiza a actividade turística. A CETS fai que as empresas estean máis comprometidas cos seus territorios, co ecoturismo, a sustentabilidade e co espazo protexido.
- A CETS posibilita unha mellor organización interna das empresas, axudándoas a xestionar mellor os seus establecementos.
- A CETS reconece e diferencia ás empresas polo seu compromiso voluntario co desenvolvemento do turismo sostible dos espazos naturais protexidos.
- A CETS na súa fase III (acreditación de axencias de viaxes receptoras) achega ás empresas a posibilidade de participar na creación de paquetes turísticos e a promoción destes a nivel nacional e internacional.